



Obradoiro itinerante: "LABEMPRENDE"

» Un novo proxecto itinerante para espertar as habilidades emprendedoras da xente nova e os estudantes



"LABEMPRENDE" é un espazo innovador ao servizo da **educación e a formación da xente nova no eido do emprendemento** que viaxará por todo o territorio, após a experiencia e o éxito do espazo en CaixaForum Barcelona.

Os participantes poderán gozar dun **laboratorio de actividades cun obradoiro interactivo e multimedia** onde aprenderán o concepto de emprendemento e as características e valores dunha actitude emprendedora.

A experiencia toma forma dentro dun **autobús que se converte nunha unidade móbil totalmente adaptada** para facilitar o acceso e a participación das persoas con mobilidade reducida ao longo da actividade.

O espazo conta con diferentes ámbitos de experimentación deseñados detidamente coa idea de o público irse situando gradualmente na experiencia do que supón emprender:

- 0. Emprender é unha actitude.**
- 1. Somos emprendedores.**
 - 2. Olla.** Aprender a observar.
 - 3. Pensa.** Solucións innovadoras.
 - 4. Fai.** Da idea ao negocio.
 - 5. Comeza.** Se queres, podes.

"LABEMPRENDE" está dirixido a **grupos de estudantes de secundaria**, de entre 14 e 18 anos principalmente, aínda que poden participar tamén grupos procedentes de escolas especializadas en **ciclos formativos para maiores de 18 anos** e de **escolas de adultos**, así como **grupos familiares**.

O persoal de dinamización adaptará os recursos do espazo para que o percorrido poida realizarse de xeito autónomo en caso de visitas libres de familias e xente nova.





LABEMPRENDE forma parte do programa educativo Xuventude Emprendedora, que ten como obxectivo espertar as habilidades emprendedoras nos alumnos, promovendo a súa medra persoal e potenciando a súa capacidade de iniciativa.

EduCaixa, cara á educación do século XXI

EduCaixa é o programa que abrangue toda a oferta educativa da "la Caixa", e cuxo fin é promover e impulsar a transformación da educación e responder así ás necesidades da sociedade do século XXI.

EduCaixa dirixese ao alumnado e ao profesorado de educación infantil, secundaria, bacharelato e ciclos formativos de grao medio. O seu obxectivo principal é promover o desenvolvemento competencial do alumnado e ofrecer á comunidade educativa recursos, actividades e prácticas educativas que cumpran este obxectivo.

Proxecto educativo

EduCaixa

Recursos didácticos para o profesorado que o axudarán a preparar a visita á exposición e a seguir traballando a materia na aula após a visita.

www.educaixa.com

fundacionlacaixa.org



Fundación "la Caixa"